

A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX

David Rodríguez Lorenzo
Instituto da Lingua Galega

Abstract

The *gheada* is a phonetic phenomenon of the west-Galician. In this paper, we try to explain its diatopic evolution along the 20th century. This evolution has been conditioned by sociolinguistic factors. The bad consideration of the phenomenon may be the reason of its recession to the west.

Keywords: galician, phonetics, dialectology, sociolinguistics

Palavras-chave: galego, fonética, dialectología, sociolingüística

1. Introducción

A intención do presente traballo é a de avaliar a evolución da gheada ao longo do século XX. Farase desde diferentes perspectivas, fundamentalmente desde a da Xeografía Lingüística, que é a disciplina que prové os datos, pero tamén, e de maneira especial, desde a da Lingüística Histórica e a da Sociolingüística –para tratar de dar unha explicación ás súas orixes e condicionamentos sociais–. Todo isto sen esquecer que para a descrición precisa deste trazo faise necesario botar man das ferramentas ofrecidas pola Fonética e a Fonoloxía.

Trátase, xa que logo, dun estudo que pretende dar conta dun fenómeno complexo. Un fenómeno innovador característico de boa parte do territorio e quizais, xunto co seseo, un dos trazos dialectais máis salientables, xa que todo galego –gheadófono ou non– é perfectamente consciente da súa existencia.

1.1. Gheada

A *gheada* é un fenómeno característico do galego occidental, de índole fonético-fonolóxica e consistente, de maneira xeral, na presenza no sistema dunha fricativa faringal xorda /ʁ/ –aínda que pode ter outras realizacións– nas posicións en que noutras variedades aparece unha oclusiva velar sonora /ŋ/. A excepción a esta norma xeral atópase no contexto tras nasal. Na maior parte da área gheadófona rexístrase /ŋ/ despois de nasal –[ʁʌŋ] pero [ŋʌŋ]–. Por outra parte, en certos puntos da costa occidental aparece unha oclusiva velar xorda neste contexto –[ʁʌŋ] pero [ŋʌŋ]–. No terzo norte da provincia da Coruña, a

gheada maniféstase en todos os contextos posibles.

Como vai dito, a realización máis común da gheada é a dunha fricativa faringal xorda [ʔ], pero tamén se atopan articulacións velares, uvulares, glotais e laringais. Normalmente estas realizacións son xordas, pero non é inusual atopar nelas o trazo [+sonoro]. A pesar desta variabilidade, a pronuncia claramente maioritaria é [ʔ], seguida de [ʔ̚].

Os eixos a que se asocia a variación respecto da gheada son os seguintes:

– *Diatópico*. Ata o de agora considerábase que a gheada ocupaba unhas dúas terceiras partes do territorio: a totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra máis o terzo occidental da de Lugo e a metade occidental de Ourense.

– *Diastrático*. Tradicionalmente a gheada vén sendo considerada un fenómeno vulgar, empregado polos estratos socioeconómicos e culturais máis baixos.

– *Diafásico*. A tendencia xeral é a de evitar o uso de gheada en contextos formais e aumentar a súa frecuencia segundo o intercambio comunicativo sexa máis coloquial ou familiar.

Este fenómeno fonético ten cabida na norma oficial do galego, norma que prescribe o grafado con <gh> para a súa explicitación. Sen embargo, podemos afirmar que a gheada está completamente fóra da norma culta, xa que, como dixemos, tende a evitarse en niveis elevados de lingua.

1.2. Orixes

Existen dúas tendencias xerais para tentar de dar unha explicación á orixe da gheada: son as chamadas *tese castelanista* e *tese estruturalista*. A primeira delas, cuxo máximo representante é J. L. Pensado Tomé, trata de explicar a gheada como produto da interferencia do castelán sobre o galego nunha situación de diglosia conflitiva. É dicir, para Pensado a orixe da gheada ten que ver coa influencia do son [ʔ̚] castelán. Para el, as etapas de conformación do fenómeno puideron ser as seguintes:

1. Adaptación do [ʔ̚] en [ʔ̚] cando se fala castelán e regularización do fenómeno; período de *gueada*.

2. Aprendizaxe do [ʔ̚] por presión castelanizadora.

3. Substitución analóxica regular de [ʔ̚] por [ʔ̚] en palabras castelás e galegas.

Por outra parte, os seguidores da *tese estruturalista* defenden que a gheada é froito da evolución histórica interna do galego e que non ten nada que ver coa interferencia da fricativa velar do castelán. O autor máis salientable desta corrente é A. Santamarina, quen, baseándose na fonoloxía diacrónica e na lenición romance das oclusivas intervocálicas latinas, describe a gheada como un proceso en tres fases:

1. *Debilitamento*. O /ʔ̚/ ten unha variante contextual intervocálica [ʔ̚] de carácter fricativo ou aproximante. Esta avanza un grao máis no seu proceso de lenición debido á presión asimilatoria dos sons vocálicos adxacentes, que se articulan sen interrompirla a corrente expiratoria, o que provoca, por inercia, a perda do carácter constrictivo e un retraso no seu punto de articulación, pasando a ter unha realización uvular, faringal ou laringal. Posteriormente sufriu unha desonorización, un paso natural para as fricativas do galego.

mesmos lugares en 1934, 1974 e 2008.

3. Resultados

3.1. Precaucións

Dadas as características deste traballo, convén tomar certas precaucións á hora de analizar os seus resultados:


- aínda que existen máis, os tipos de gheada representados quedan reducidos a dous: [ʌ] e [ɣ]
- a densidade da rede de puntos é relativamente baixa, polo que as conclusións sobre os resultados serán de carácter xeral
- en Viveiro (114), Silleda (129) e Entrimo (150) os informantes identificaron a gheada como un trazo pertencente á fala dos seus ascendentes e que xa non está presente na actualidade; é posible que aínda quede alguén nestes puntos que fale con gheada, pero eu non se atopou ningún caso
- no Irixo (141) e Arnoia (143) os informantes aseguraron que cada vez se usaba menos a gheada
- os datos sobre as realizacións naqueles puntos en que estas son cambiantes deben ser tomados con certa cautela, pois poderían variar dun falante a outro e só se manexan un máximo de tres informantes por punto
- o mapa de isoglosas é sintético e estimativo

3.2. Mapas de resposta por punto

Para este breve artigo escolleuse unha cuestión representativa da tendencia xeral evolutiva da gheada ao longo do período estudado. Así, comentaranse a continuación os resultados de *agulla* (do latín ACUCŪLA) nos tres proxectos en relación cos mapas correspondentes.

Mapa 1. Vese que as formas con gheada son maioritarias. Ocupan a totalidade das provincias da Coruña e Pontevedra máis os puntos lugueses 114, 118, 121 e 124 –este último illado na zona dos Ancares– e os ourensáns 141, 142, 143, 148, 150 e 151, o que suma un total de 36 dos 53 enquisados. As formas non velares son predominantes, pero atópase [ɣ] en 14 puntos sen unha distribución demasiado clara, aínda que semella haber certa concentración na zona da Coruña-Betanzos.


Mapa 2. A gheada segue a ser maioritaria, pero preséntase en cinco puntos menos respecto de 1934: dous na provincia de Lugo (121, 124), outro na de Pontevedra (128) –121 e 128 están moi próximos entre si– e dous máis na de Ourense (142 e 150); no punto 151 rexístranse as formas [ʌ] e [ɣ], pero dáse preferencia á primeira. É posible que isto sexa indicativo da posterior ausencia do trazo nos datos de 2008, pero, como dixen antes, estas variacións hai que abordalas con cautela. Polo demais, non hai mudanzas significativas, a excepción de que só se rexistran 10 formas con [ɣ] –en tres dos puntos a carón de formas con articulacións non velares, aínda que con preferencia sobre estas–. Semella que a pequena área con

Mapa 1. Resultados de *agulla* no ALPIMapa 2. Resultados de *agulla* no ALG

3.3. Mapas de frecuencias

Os datos de frecuencia de uso da gheada por punto amósanse en tres mapas –un por cada proxecto– en escala de azuis. O que neles se representa é a maior ou menor presenza de gheada nas respostas ás cuestións empregadas para a realización deste traballo. Os círculos en azul máis escuro sitúanse nos puntos en que se rexistrou gheada nas respostas a todas as preguntas analizadas. Os círculos brancos colócanse naqueles puntos en que a presenza de gheada foi cero. O azul medio representa unha presenza

mínima de gheada dun 57% e unha máxima do 86%, mentres que o azul máis claro vén indicar un máximo de 43% de respostas con gheada e un mínimo de 14%.




Mapa 3. Resultados de *agulla* na nova enquisa

Mapa 10. No mapa confeccionado cos datos do *ALPI* pódese apreciar unha presenza sólida e continua da gheada nas provincias da Coruña e Pontevedra e na metade occidental de Ourense. Lonxe do territorio de gheada, completamente illado, aparece o punto 124 (Pedrafitas do Cebreiro), no que o trazo se rexistra no 100% das respostas recabadas por Otero. A existencia desta illa gheadófona tan arredada da zona de gheada pode indicar que en épocas anteriores a 1934 o fenómeno tiña aínda maior extensión e chegaba ata Os Ancares. A conservación do trazo podería explicarse en base


ao illamento xeográfico do lugar e a conseguinte falta de contacto co entorno non gheadófono.

Mapa 11. A gheada segue a ter unha presenza sólida na provincia da Coruña e en case toda Pontevedra; a excepción constitúea Agolada (128), punto no que as solucións con gheada son minoritarias. Na provincia de Lugo pérdense tres puntos do territorio que segundo os datos do *ALPI* ocupaba o [ʌ]: Cospeito (119), Palas de Rei (121) e Sober (126), precisamente aqueles en que o fenómeno amosaba maior debilidade. Alén disto, en Guitiriz (118) comeza a haber vacilación –aínda que a gheada segue a ser maioritaria– e en Covas (114) a porcentaxe de presenza de gheada descende ata o 53%. No tocante á provincia de Ourense, gañan terreo as formas con [ʎo] en Vilamarín (142) e Entrimo (150). Ademais, no punto Oímbra (151) a gheada pasa a ser minoritaria e en Rairiz de Veiga (148) comeza a verse –aínda que mínima– certa vacilación.




Mapa 4. Frecuencia de uso de gheada no ALPI

Mapa 12. O panorama, respecto dos estadios anteriores, muda considerablemente. A gheada segue a ser maioritaria na Coruña e Pontevedra, pero nótase un aumento importante dos puntos en que se rexistra vacilación, deixando a área do litoral coma último reduto sólido do fenómeno. Ademais, o trazo non se rexistra en ningunha resposta en Agolada (128) –que amosaba unha presenza mínima de gheada en 1974– nin na Bandeira (129). No que respecta a Lugo, en Covas (114), quizais pola presión circundante do galego con [ʝ], non se recolle ningunha forma con gheada e a porcentaxe de respostas con [ʎ] de Guitiriz (118) descende ata o 53%. No que respecta á provincia de Ourense, deixan de rexistrarse solucións con gheada en Oímbra (151), mentres que nos outros tres lugares en que aínda se dá o fenómeno, este presenta menor frecuencia de aparición nas respostas cás solucións con [ʝ].



Mapa 5. Frecuencia de uso de gheada no ALG



Mapa 6. Frecuencia de uso de gheada na nova enquisa


4. Conclusións

A distribución diatópica do trazo mudou considerablemente ao longo do período estudado. Nos mapas de resposta por punto pódese observar como as formas con [ʎ] van deixando de rexistrarse en certos puntos orientais da zona de gheada, sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense. Nos mapas de frecuencias corrobórase a tendencia recesiva da gheada observada nos mapas de resposta por punto. Pódese apreciar con claridade cales foron os lugares en que se foi dando o cambio –o paso dun sistema con gheada a un sistema sen gheada–. Aqueles puntos en que se recolle menor número de formas con [ʎ] nun dos proxectos, adoitan non presentar respostas con gheada no

seguinte. A frecuencia de uso do trazo diminuíu notablemente, sobre todo no último terzo do século XX, e non só nas zonas onde se amosa en franco retroceso, senón tamén en boa parte do territorio que aínda hoxe se presenta como claramente gheadófono – onde conviven non poucas formas sen gheada a carón das solucións tradicionais–. Ollando á tendencia que se deduce da análise dos datos manexados neste estudo, cabería agardar que a presenza de formas con [ʎ] intervocálico ou en inicio de palabra en zona de gheada acabe dando paso á expansión cara ao oeste do modelo de galego non gheadófono, deixando un último reduto para o trazo nunha estreita franxa ao longo do litoral atlántico, como amosan os mapas.

Semella, pois, confirmado o carácter recesivo do fenómeno, tanto desde o punto de vista espacial como desde a perspectiva da frecuencia de uso. A causa disto débemola procurar no forte desprestixio ao que vai ligado, cando menos, desde o século XIX. A gheada constitúe, pois, unha marca lingüística diastrática e por causa disto presenta unha distribución diafásica clara: a maior formalidade, menor uso de gheada, e viceversa. Resulta evidente que os modelos de lingua adoitan ser aqueles con maior prestixio e os que se empregan en niveis e rexistros máis elevados. Se a gheada –a pesar de estar admitida no estándar– non ten, polo común, representación nos estratos socioeconómicos e culturais máis altos nin nos rexistros máis formais, entra no esperable que se tenda a imitar o modelo non gheadófono, coa conseguinte perda na frecuencia de uso, no número de falantes e no territorio ocupado. Este modelo de que falo debe ser o sistema galego sen gheada, xa que se fose directamente o castelán cabería esperar que as zonas de non-gheada se aglutinasen ao redor das grandes cidades –focos de irradiación da norma castelá–, mentres que o que vén ocorrendo é un progresivo desprazamento en bloque da fronteira cara a occidente. O referente, como dicimos, debe situarse probablemente no galego con [ʎ] das vilas orientais veciñas daqueles puntos nos que a gheada foi desaparecendo.

As tendencias, pois, son claras: por unha parte, a isoglosa que separa o territorio con gheada do territorio sen ela móvese claramente cara ao oeste; por outra parte, a frecuencia de uso de formas con gheada vai diminuindo –incluso na área en que a gheada se amosaba con maior fortaleza ata o de agora–. Se o proceso segue esta cadencia cabe esperar que co paso do tempo a zona de gheada vaia quedando reducida, como xa se mencionou, a unha franxa no litoral atlántico e se perda no resto do territorio.



Mapa 7. Isoglosas

5. Bibliografía elemental

- Álvarez, Rosario & Xosé Xove (2002) *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- Fernández Rei, Francisco (coord.) (1990,1) *Atlas Lingüístico Galego*. v.I,1-Morfoloxía Verbal. A Coruña: Instituto da Lingua Galega, Pedro Barrié de la Maza.
- Fernández Rei, Francisco (1990,2): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- González, Manuel (coord.) (1999) *Atlas Lingüístico Galego*. v.III-Fonética. A Coruña: Instituto da Lingua Galega, Pedro Barrié de la Maza, Santiago.

- Navarro Tomás, Tomás (1962) *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. v.1, *Fonética-I*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Pensado, José Luis (1970) Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geadá y sus causas. *Revista de Filología Española* LIII, pp. 27-44.
- Santamarina, Antón (1980) Novas consideracións ó redor das orixes da *geada*. *Verba* 7, pp. 243-249.
- Zamora Vicente, Alonso (1952) La frontera de la geadá. In *Homenage a Fritz Krüger I*, pp. 56-72 (reproducido en *Estudios de Dialectología Hispánica*, anexo 24 de *Verba*, (1986), pp. 11-25).